



Real Academia Galega de Ciencias

Día da Ciencia en Galicia

2018. Domingo Fontán Rodríguez.

III Premio Galicia de Xornalismo Científico.



Real Academia Galega de Ciencias

Día da Ciencia en Galicia

2018. Domingo Fontán Rodríguez.

III Premio Galicia de Xornalismo Científico.

Programa

Visita á exposición Científicos Galegos 2008-2018
Benvida e apertura do acto

Video homenaxe


“A obra científica de Domingo Fontán”

Prof. Dr. Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola

Entrega do Premio Galicia de Xornalismo Científico
a Manuel Vicente García. Radio Galega

Intervención do Presidente da Real Academia Galega de Ciencias
Prof. Dr. Miguel Ángel Ríos Fernández

Peche do acto



8 de outubro de 2018. 19 h.
Pazo de San Roque
Santiago de Compostela

DOMINGO FONTÁN RODRÍGUEZ

Matemático e xeógrafo

Naceu en Portas (Pontevedra) en 1788 e iniciou a súa educación orientado polo seu tío Sebastián, párroco de Noia, cultivando o francés e o inglés.

A súa formación abarcou un amplo abanico de saberes: filosofía, hebreo, biblia, teoloxía, leis e ciencias exactas, cunha forte vinculación á Universidade de Santiago. Exerceu a docencia en distintos campos e institucións, aínda que a súa actividade académica e científica se desenvolveu basicamente na Universidade de Santiago, no campo das matemáticas. Foi discípulo e sucesor na cátedra de José Rodríguez, o “matemático do Bermés”, de quen recibiu apoio no seu traballo.

Foi tamén director do Observatorio Metereolóxico de Madrid e exerceu ademais actividade política, ocupando, entre outros moitos, o cargo de deputado en Cortes. Recoñecido a nivel nacional e internacional, faleceu en Cuntis en outubro de 1866.

Os seus restos descansan no Panteón de Galegos Ilustres.



CIENTÍFICO GALEGO 2018

Das moitas actividades de **Domingo Fontán**, sen ningunha dúbida hai que destacar, no ámbito científico, a súa obra mestra: a **Carta Xeométrica de Galicia**.

Iniciada en 1817, finalízase en 1834, despois de 17 anos de intenso traballo no que colaboraron José Valladares, o topógrafo Domingo Laredo, o profesor Manuel Rufo Fernández e o seu irmán Andrés. Contou tamén con aparellos, algúns deles traídos do estranxeiro polo seu mestre D. José Rodríguez, o “matemático do Bermés”.

A Carta levouse a cabo construíndo unha malla triangular con vértices nos cumes dos montes e promontorios, unha trama de rectas e ángulos con referencia na Torre do Reloxo da Catedral de Santiago, como punto cero. As alturas medíronse por diferencias de presión con referencia á Ría de Noia. Realizada a escala 1:100000, nela utilizouse por primeira vez o sistema métrico. É o primeiro mapa construído en España utilizando medidas xeodésicas rigorosas con base científica.

Presentado á raíña M^a Cristina, editouse en París en 1845.

Trátase dunha obra inxente, de gran trascendencia para o desenvolvemento de Galicia, básica para a articulación do territorio da rexión, para o trazado das vías de comunicación, para referenciar xeograficamente a poboación e demais recursos de interese.